

Valores fundamentais

Este ano, mellor que este día, decidíu a Real Academia Galega, co gallo da efemeríde das letras galegas, dedicalo, moi merecida e acertadamente, a Xosé María Álvarez Blázquez.

Entre os moitos traballos, estudos, edicións, recompilacións, etc., que se publicaron e publicarán ao redor da súa figura, queremos hoxe deternos nun pequeno e denso volume preparado polo profesor Carlos López Bernárdez. E queremos deternos nel por dúas razóns: porque pola súa extensión e claridade cumpre perfectamente a función de servir de vehículo divulgativo para o grande público, e porque pola súa densidade e escoella da obra que se ofrece vén relacionar con grande acerto a vida e a obra deste gran home, fundamental no devir da historia da cultura galega no século pasado.

E precisamente ese é o valor, sobre todos os demais (poeta, narrador, ensaísta, arqueólogo, historiador, investigador, etc.) que eu enxalzaría nel: o de ter dedicado

gran parte da súa vida ao servizo da cultura galega, destacando neste sentido o seu labor como editor. Como editor nunha dobre compoñente: a de autor de edicións da nosa lírica medieval, case descoñecida naqueles tempos, e de estudos sobre a literatura dos Séculos Escuros, e a de fundador das editoriais Monterrei e Castrelos, coas súas inesquecibles coleccións “O Moucho” e “Pombal”, fundamentais para o enraizamento, continuidade e espallamento da nosa literatura.

A forza da identificación

 XOSÉ FEIXÓ



A de - mais, aquí en Vigo, e neste mesmo xornal no que hoxe escribimos, FARO DE VIGO, escribiu durante o ano 1959 a sección “La ciudad y los días”, que logo recompilaría

en libro co mesmo título (e que proximamente publicará Xerais en galego), e que é o primeiro calendario en prosa desta cidade, que tanto lle debe, e da que foi cronista oficial.

Para rematar, unhas liñas dun poema, que resumen os citados valores do libro que comentamos, e que desexamos que chegue ao maior número de persoas: “Pepa de Cascallar, eu ben quixera/ pagarache, ao cabo de tan longo tempo,/ o falar cantareiro que aínda sinto/ cando, ás veces, a vida se me fende,/ sin eu pensalo, por mitá do peito!,” das que se poden deducir valores intrínsecos do poeta: humildade, recoñecemento e agradecemento aos transmisores populares da nosa identidade, e identificación coa mesma, lonxe do autoodio que tanto mal fixo e que aínda persiste.

BERNÁRDEZ. Carlos L.,
*Vida e obra de X.M^a
Álvarez Blázquez*, Ed.
Galaxia, Vigo, 2008, 188
páxinas.